



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 13 de maio de 2024.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación de un (1) traballador desempregado, persoal laboral temporal, como peón especialista forestal, a través do programa Aprod Rural 2024, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%) cunha duración de nove (9) meses, nomeamento de tribunal e convocatoria de probas selectivas.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

De conformidade co expediente de provisión de un (1) traballador desempregado, persoal laboral temporal, para a obra/servizo: silvicultura, biomasa e limpeza de montes, a través do programa Aprod Rural 2024, a xornada completa (100%), cunha duración de nove (9) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, de data 30 de abril de 2024.

Analizadas as solicitudes presentadas polos candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Lugo Sur-Campos Novos a través da oferta número 12-2024-4050, considerando que todas elas cumpren os requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas Bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar, con carácter definitivo, a lista de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

#### LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
García Villar, Isabel	***7803**	Non
Pérez Luna, Modesto	***4501**	Non
Vilarín Díaz, Borja	***4846**	Non

#### LISTA DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:





## Concello de Ribeira de Piquín

---

Presidenta: Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX (Lugo).

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretaria: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o martes 14 de maio de 2024, ás 08:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

**TERCEIRO.-** Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 09:00 horas do día 14 de maio de 2024.

**CUARTO.-** Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 09:30 horas do día 14 de maio de 2024. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederase seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 13 de maio de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

